



ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL MUROS

Anuncio do proceso selectivo complementario para incrementar o persoal da bolsa de emprego de auxiliares de axuda no fogar

ANUNCIO

Mediante Resolución da Alcaldía núm. 1354/2024 do 9 de decembro adoptáronse os seguintes acordos:

“Vista a Resolución da Alcaldía núm. 1237/2023 de 21 de decembro, pola que se aprobaron as bases e a convocatoria do proceso selectivo para a elaboración dunha bolsa de emprego de auxiliares de axuda a domicilio do Concello de Muros publicadas no BOP núm. 246 do 28 de decembro de 2023.

Vista a Resolución da Alcaldía núm. 351/2024, de 2 de abril de aprobación da proposta do 19 de marzo de 2024 do tribunal do proceso selectivo para a elaboración dunha bolsa de emprego de auxiliares de axuda a domicilio do Concello de Muros establecendo o orde chamamento segundo as bases aprobadas por Resolución da Alcaldía núm. 1237/2023.

Visto que en determinados momentos non hai persoas candidatas dispoñibles na bolsa de emprego creada para cubrir as necesidades de persoal no concello neste servizo, é preciso aumentar a bolsa de emprego con novas persoas.

En base a todo o anterior,

RESOLVO:

Primeiro. Abrir un novo proceso selectivo complementario para incrementar o persoal da bolsa de emprego de auxiliares de axuda no fogar.

Segundo. As bases polas que se rexerá este proceso selectivo complementario son as aprobadas mediante Resolución da alcaldía núm. 1237/2023 de 21 de decembro, pola que se aprobaron as bases e a convocatoria do proceso selectivo para a elaboración dunha bolsa de emprego de auxiliares de axuda a domicilio do Concello de Muros publicadas no BOP núm. 246 do 28 de decembro de 2023.

Terceiro. O prazo para a presentación de solicitudes de participación neste proceso selectivo será de 10 días hábiles desde a publicación do anuncio no BOP.

Cuarto. As persoas aspirantes que superen o proceso selectivo serán incluídas na bolsa de emprego existente a partir da última persoa que forma parte da mesma.”

Muros, 11 de decembro de 2024

A alcaldesa,

María Lago Lestón

2024/9001